

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 4 de xullo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Comparecencia**

- 1.1 51710 (10/CPC-000114)  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Do director da Axencia Galega da Industria Forestal, por petición propia,  
para informar sobre a Axenda de impulso da industria forestal 2019-2021  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 23.06.2019*

**Punto 2. Preguntas**

- 2.1 48046 (10/POC-007631)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis  
Sobre o grao de execución das sete sendas peonís e ciclistas previstas no  
Plan Senda 2020 para a comarca de Bergantiños, así como o prazo estimado  
para a execución das demandadas nos concellos de Laxe e Ponteceso  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019*
- 2.2 51477 (10/POC-007996)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación de Alcoa,  
as ofertas presentadas para a compra da planta da Coruña, a situación en que  
quedaría a empresa e as actuacións previstas para salvagardar os seus postos  
de traballo e a súa actividade industrial, así como a súa opinión respecto da  
demanda da súa adquisición pública  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 489, do 19.06.2019*



### Punto 3. Proposicións non de lei

- 3.1 47987 (10/PNC-003880)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Chao Pérez, Luca  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a protección do comercio tradicional de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 450, do 27.03.2019*
- 3.2 51757 (10/PNC-004139)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica en relación coa construción dunha nova subestación eléctrica para a conexión do polígono industrial de Balaídos, en Vigo, á rede de transporte de 220 quilovolts

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2019

Cristina Isabel Romero Fernández

Presidenta da Comisión

Cristina Isabel  
Romero  
Fernández

Firmado digitalmente por Cristina Isabel Romero Fernández  
Nombre de reconocimiento (DN):  
cn=Cristina Isabel Romero Fernández,  
email=cristina.isabel.romero.fernandez@parlamentodegalicia.gal  
Fecha: 2019.06.26 14:19:22 +02'00'





Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 26/06/2019 14:19:22

